



www.oqueleo.com

© 2009, Jaureguizar

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-12-9

Depósito legal: M-1081-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: maio de 2018

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Rosa Marín,
Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

o contador de estrelas

JAUREGUIZAR

oquele_o

*A Carme,
unha cativa cos ollos de bubela
e a cabeleira coma un bosque de piñeiros.*

*«¿En qué estrella estará mi dulce corazón?
¿Por qué me roba la vida y la razón?
Dime quién vendrá a ocupar su lugar.
¿Por qué mis sueños se rompen de golpe?
Quiero irme con él».*
¿En qué estrella estará?

NENA DACONTE

Xullo

O lume prende

Antía estaba certa de que aquel verán ía ser o verán máis aburrido da súa vida. E non foi. Aquel verán resultou ser o máis apaixonante e dramático dos quince que vivira. Tamén o máis bonito. Acabou sendo o verán dos maiores lumes que se coñeceran nunca na contorna de Lugo e do lume máis xigantesco que coñeceu nunca o seu corazón.

A rapaza botaba horas e horas nun aeródromo desde fins de xuño porque a nai a obrigaba a acompañala durante as súas quendas de traballo para tela de man. Rosa estivera empregada nun supermercado Gadis ata que aprobara unha oposición a emisorista do Servizo Antilumes. O seu primeiro destino fora o aeródromo de Rozas, que está a doce quilómetros de Lugo, no medio dunha chaira monótona e seca no verán. A nai atendía unha gran radio nunha cabana. As outras instalacións eran compartidas co Real Aeroclub de Lugo. A vintena de socios gardaba as súas avionetas, de diversos tipos, formas e cores, nun hangar que semellaba a boca dunha inmensa balea. Aque-la nave era a única que quedara en Rozas das tres que construíra o exército alemán durante a Segunda Guerra

Mundial para controlar o tráfico aéreo no norte da Península Ibérica.

Nos meses estivais, súmanselles un avión de carga en terra Dromader e unha avioneta de recoñecemento Piper da que dispón a Consellaría de Medio Rural para combater os incendios. Eses aparellos están atendidos por un piloto e un mecánico. A maiores, hai unha torre de control que ficou abandonada, un edificio baixo destinado a cafetería e mais as oficinas e unha piscina.

14 Despois de botar varios días en Rozas, Antía fixérase amiga de Enver; o rapaz nacera en Albania e formaba parte do equipo aéreo de extinción. Naquela tardiña soleada, ambos os dous estomballáranse sobre a herba, no xardín que había a carón da piscina. Ela puxera bikini, pero el estaba de garda e tiña que vestir a funda verde co logo da Consellaría por se houbera algunha urxencia.

A moza gozaba contemplando o vento que empuxaba suavemente as nubes coma se fose unha cinta con tortas saborosas que avanzase lentamente para que puidese escoller a que máis lle gustaba. Reináballe mirar o ceo e fantasiar cos soños nocturnos dos lugueses. Enver explícarlle que as nubes son o resultado do que as persoas soñan na súa cama. Cada dormente emite unha enerxía que vai ascendendo e ascendendo a través dos teitos dos dormitorios e atravesa os tellados de lousa para fluír cara ao ceo. Segundo o albanés, unha vez no máis alto, a materia dos soños mestúrase co vapor para dar volume ás nubes. Por iso hai unhas nubes con forma de can, outras que imitan vacas gordechas, que producirían centos de litros

de leite se fosen reais, e hai algunhas nubes que lembran barcos piratas e outras que semellan dentistas que están traballando.

—Dentistas que están traballando? —preguntou Antía.

—Si, esas nubes nacen de pesadelos.

Enver descubríralle, a maiores, que o estado de ánimo dos soñadores inflúe nas cores. Cando chega un anticiclón, o corazón dos dormentes está contento e teñen soños plácidos que dan lugar a nubeiros bonitos, de formas repoludas con pinceladas rosadas. Pola contra, os días de borrasca poñen máis tristes ás persoas e por iso as nubes que xeran son pesadas e escuras.

—E logo as treboadas?

—As treboadas —informou o aviador— veñen provocadas porque hai moita enerxía negativa no ambiente.

A explicación de Enver para as tormentas consistiu en que, nesos días, as persoas teñen problemas e preocupacións que as van cargando con ións de carraxe durante o día e, cando dormen, libéranos a través dos soños. Cando os soños malos cadran no ceo, tratan de botarse fóra uns aos outros a base de empurróns. Rifan porque non se aturan de tanta enerxía que axita os seus corpos vaporosos. «O malo diso é que a electricidade que soltan volve de novo contra os soñadores que están na terra en forma de lóstregos. Por iso, hai máis treboadas nos países con xente que carece de harmonía», concluíra o albanés nunha argumentación que deixara pampa a súa amiga, a filla da emisorista.

—Os pararraios están relacionados cos soños, logo? —deduciu Antía.

—Iso é. Es ben espelida para teres quince anos —aprobou Enver, que unicamente sumaba tres máis—. O pararraios é o remedio que lle buscaron os homes porque ignoran todo a respecto das tormentas. Se soubesen algo, farían por seren mellores persoas ao longo do día, para teren soños positivos de noite e, a mañá seguinte, habería nubes rosas e azuis.

A moza era espelida, como confirmara o seu amigo, pero había algo que non comprendía:

16

—Por que en África hai tan poucos nubeiros?

—Ah, boa pregunta! —aprobou o mozote.

Enver quitou un paquete de tabaco con marca estraña dun peto da funda. Antía supuxo que era albanés, coma o propio Enver, e que traía varios cartóns de tabaco do seu país para a tempada de traballo toda. A respecto do seu amigo, sabía que adoitaba traballar para o Servizo Antilumes na campaña de verán. Co soldo que lle pagaban, podía vivir o resto do ano folgando na súa cidade natal, Berat. Segundo o rapaz, a súa localidade é unha das máis antigas de Albania e coñécese como a cidade das mil ventás porque as casas foran edificadas unhas por riba das outras.

Mentres acendía un cigarro, o mozo semellaba estar a ordenar as súas ideas para poder darlle á amiga a explicación que lle requiría respecto da escaseza de nubeiros africanos. Enver prendeu o pito cun xesto máis propio dun fumador de vello ca do rapaz de dezoito anos que era; coñecía-se que lle sabía o tabaco desde raparigo. O fume ascendía pola súa cara bonita e facíalle pechar os

ollos, que eran dun azul tan transparente que imitaban ese mar do Caribe que se ve nos folletos de viaxes. Antía reparou por vez primeira en todos aqueles días en que o nariz tamén era ben agradable e o seu tamaño estaba proporcionado co seu queixo redondiño.

—A xente feliz —arrincou o albanés ao cabo— necesita soñar menos, porque goza da vida con maior intensidade e dorme menos horas. En África andan de festa deseguido. Nos documentais sobre tribos negras saen bailando vestidos unicamente con saias de palla.

Antía asentiu fascinada pola facilidade coa que Enver encadeaba uns razoamentos con outros. Volveu observar as nubes inmensas que camiñaban devagariño polo ceo e lembrou que o albanés lle contara que chegara a Galicia contratado pola empresa serbia que xestionaba o Dromader e que tiña por piloto a Romar. Aquel avión grandote era coma Dumbo, un elefante voador que abría o seu bandedullo para ceibar centos de litros de auga e asolagar as zonas de bosque que estivesen ardendo. Antía vira a Enver mentres o conducía para trasladalo ao hangar co fin de reparalo ou cando se dirixía á pista, pero nunca o vira cando engalaba nel. Malia todo, o mecánico adoitaba queixarse do pesado e incómodo que era para manobrar no aire, e presumía da lixeireza e a velocidade que adoitaba acadar nos cazas. Segundo lle revelara a Antía no mesmo día en que se coñeceran, combatera nun Mig29 contra os poderosos F16 da OTAN na guerra dos Balcáns. A rapaza sabía pouco de avións de guerra. Enver fachendeaba de que fora integrante da aviación serbia:

—A unidade da Iugoslavia importábacheme un carallo. Para os serbios, os albaneses somos xentalla, non hai máis ca ver como me trata Romar.

—E como te trata?

—Aínda non che cadrou sentir os berros que me mete ou ver as tarefas que me encomenda? —queixouse Enver, para proseguir, sen agardar pola resposta, destacando que pagaba a pena formar parte do exército serbio porque «o soldo triplicaba o que cobraba no meu país e os combates aéreos eran emocionantes. Logo de acabar a guerra, ofrecéronme seguir como piloto nunha pequena empresa de servizos e aquí estou».

18

Esa última parte atraera pouco a Antía. A rapaza ficara abraiada pola leria bélica. Agardaba que Enver retomase o asunto e lle narrase unha feroz batalla desenvolvida nos ceos de Croacia, polo que a desconcertou coa pregunta vulgar que formulou a seguir:

—Queres un pito?

A moza aparvara. Non daba crido que aquel rapaz pouco máis vello ca ela estivese a ofrecerlle un cigarro. Enver sabía que tiña quince anos e, a maiores, que a súa nai traballaba na cabana do Servizo Antilumes, ao outro lado da pista de aterraxe, a unha ducia de metros da piscina, e podería descubri-la. Con todo, recoñecía que o seu amigo era un home feito e dereito porque fora piloto de caza e combatera a vida ou morte. O albanés repetiu a cuestión:

—Que se queres un pito.

—Ah! Non, non; non fumo —desculpouse agochando o estupor con educación—. É que non me deixa...

—Que non che deixa quen? Mamá? —interesouse o albanés cun ton retranqueiro.

—Nada, nada —rectificou Antía mudando o seu acento a dignidade—. Eu son maior para decidir o que quero facer. Eu fúmoche moito, desde os doce anos. Non vaias pensar, eh? —a rapaza estaba a mentir e non puido evitar poñerse rubia—. Soamente acontece que agora non che me apetece fumar.

A verdade era que Antía non adoitaba fumar, pero si dera algunha calada dos cigarros de Nito, o mozo que traballaba de repartidor en Pizza Móvil e que a namorara naquel curso. Nito tiña 16 anos e fumaba desde os trece; con quince abandonara os estudos. Antía non sabía exactamente por que aceptara chuchar nos Ducados que el lle tendía. Odiaba o sabor a cinceiro que tiña o tabaco e atragoábase ao intentar tragar o fume, pero non quería pasar por unha nena diante dun rapaz que se lle facía maior desde as primeiras veces que falaron. Foron dúas ou tres, pero empezou a rexeitalo coa escusa de que se atopaba mal do estómago.

A súa relación con Nito desenvolvíase ás agachadas. Por descontado, o mozo gustáballe moi pouco a Rosa, malia que a cativa lle repetira que era un xogo. Sabedora de que a nai controlaba o seu móbil, Antía había de buscar escusas para saír da casa e acudir a unha cabina co fin de poder falar co pizzeiro e mesmo para encontrarse con el cando Nito tiña vagar. Aqueles encontros clandestinos entusiasmábana. Certamente, eran moitos os días nos que Antía non se acordaba do rapaz ata que chegaba a noite e

el lle mandaba unha mensaxe polo Tuenti. A moza sentía máis atracción por vivir unha relación ás agachadas ca por Nito. Estaba certa de que, se a nai lle consentise andar con Nito, o mozo perdería todo o interese para ela.

20 A Rosa non lle gustaba que a filla andase cun rapaz que deixara os estudos aínda sen facer o mínimo obrigatorio dos 16 anos, pero aínda menos que botase o día pasmando na casa coa Nintendo. Razoaba que, cando menos, os rapaces eran seres vivos e o os xogos eran aparellos electrónicos. A nai afixérase a ter a Antía entre o colexio e a casa durante os seus quince anos e ficara desconcertada cando a moza comezara a saír pola súa conta. Ao primeiro permitiullo, pero máis por non ser quen de saber como debía de actuar ca por convencemento.

Malia todo, Rosa non concibía deixala na casa soa e sen nada que facer mentres ela traballaba. Como non podía levala canda si ao supermercado, a nai chamábaa deseguido e obrigábaa a enviarlle mensaxes cada cuarto de hora para asegurarse de que estaba aproveitando o tempo cos libros polo que perdía moito en contestar. Antía debía buscar lugares discretos para xuntarse co seu grupo, porque lle mentía á nai asegurándolle que estaba na Biblioteca Provincial. Rosa non debía de crer nin a primeira das súas palabras, pero cando menos sabía que a rapariga tiña presente que a nai estaba pendente das súas trasnadas. A filla indignábase con tanta insistencia materna en que estudase: non lle probara xa que mirando os libros o último día era quen de quitar os cursos adiante? Para que ía encerrarse nun cuarto cando hai tantas cousas divertidas para facer?

Por mor desa teimosía da nai en tratála coma a un bebé, a rapazola tiña asumido que aquel verán sería coma todos os anteriores desde que se acordaba; que cando os seus compañeiros da clase gozaban da praia, das bicis de montaña ou de reunírense para faceren rimas, ela ficaría no aeródromo de Rozas facéndolle sombra a Rosa. Botar tres meses nunha base aérea de loita contra os incendios, entre pilotos, brigadas, avións e aparellos de radio, non era o plan máis ilusionante do mundo para uns meses que se anunciaban calorosos. Sóboo logo de visitar a base acompañando a nai para coñecer o emprego no que a destinaran tras aprobar a oposición.

21

A parte divertida daquelas instalacións era unha cafetaría e unha piscina. A Consellaría de Medio Rural engadira unha casa prefabricada en madeira vernizada para instalar o seu persoal. A rapaza atopouna xeitosa cando a viu. O espazo principal era o ocupado por un cuarto grande para a radio e os ordenadores, que estaban pousados nunha ampla mesa de traballo. A un metro, nun curruncho, colocaran unha cafeteira eléctrica e un microondas. Alí traballaban dúas emisoristas, por quendas, e un piloto, auxiliado por un mecánico. O resto da casoupa fora destinada a dormitorio, onde había unha cama de metal e unha mesa de noite por todo mobiliario. As emisoristas ían rotando en quendas de mañá, tarde ou noite, e descansaban no leito cando non había avisos de lumes. Iso era máis habitual na inverniá, cando se lles permitía que agardasen deitadas a que houbera unha alarma porque sentían a emisora desde o cuarto contiguo. No verán, os incendios

nocturnos eran máis numerosos e adoitaban botaren a noite a carón da radio mesmo se non tiñan xeira.

22 Xa desde aquela primeira visita, a compañeira de Rosa, Marisa, advertiuna de que aquel verán ía ser duro porque chovera moito na primavera, o que provocara que a vexetación medrase vizosa e MeteoGalicia anunciara un verán de seca. Marisa púxo a en antecedentes de que as brañas estarían sen unha pinga de auga, preparadiñas para arder a nada que algún toleirán lles prendese lume, coma se as enchouparan de gasolina. A consecuencia era que habería moitos incendios «e as quendas han deixarte escarallada», advertiuna Marisa sen mexericadas. «Logo está a responsabilidade de transmitir correctamente as ordes. De equivocáreste, porás en risco a vida das brigadas, que son persoal que está en primeira liña de lume».

A responsabilidade que se adxudicaba ás emisoristas remataba aí, pero a tensión non. Despois de que iso acontecese, e de que unha ducia de hectáreas ficase negra e grisalla tras un incendio, os sospeitosos para os investigadores da Garda Civil serían os habituais: labregos que facían queimas sen permiso e lles marchaban das lindes, gandeiros que querían máis terreo para pastos, veciños que se vingaban doutros queimándolles as fragas, empresarios que forzaban unha baixada nos prezos porque a madeira é máis barata se está queimada, persoas en lista de espera para seren brigadistas que trataban de facer medrar o volume de incendios para que os contratasen, ex-membros da brigada resentidos por non seren chamados para traballar, simples pirómanos na procura de imaxes bonitas

na televisión... As teorías eran tantas coma lumes. Fronte a esas ameazas, había xente que rozara os seus montes e que fixera por ter cheos os depósitos de auga.

—Con isto quero que saibas —engadiu Marisa— que moitos dos interrogados polos axentes van ser compañeiros ou coñecidos teus e iso xera unha tensión difícil de aturar neste posto de traballo. Vas estar todo o día vendo persoas preocupadas por saber se son sospeitosas dun delito.

Ningunha desas ameazas lle meteu medo a Rosa: estaba disposta a traballar arreo desde o primeiro ao derradeiro día de campaña. As tensións, as caras contraídas e as malas contestacións que habería de aturar durante o verán, por moitos incendios que houbera, non serían moito máis desesperantes ca aturar as queixas dalgúns clientes ou cargar caixas para repoñer no supermercado no que estivera empregada ata daquela. A nai de Antía quitara unha praza de emisorista a base de estudar en madrugadas temperás cun litro de café e os boleros de Luis Miguel no mp4 que lle conseguira a filla en Internet. Non ía esquecer o que lle custara obter un posto de funcionaria por mor dunha persoa que estivese nerviosa.

A nai asignara a peor parte a Antía. A rapaza intuía que a orixe das rifas que lle botaba era o traballo que lle supuxera a Rosa volver coller os libros despois de vinte anos en comparanza coa facilidade da cativa para estudar unhas horas e aprobar. Ambas as dúas sabían que, se Antía dedicase algún tempo máis a concentrarse nas leccións, daría quitado notas, pero conformábase con apro-

bados. A nai, consciente de que a intelixencia da filla non era mérito dela, adoitaba reprocharlle que non valorase o esforzo que aprender supoñía para moitos compañeiros seus de instituto.

A base do Servizo Antilumes de Rozas semellaba o lugar menos emocionante do planeta Terra, mais Antía recoñeceu o errada que estaba ao pouco de chegar.